



Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 //C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLADORES/AS SOCIAIS, RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS AO PRIMEIRO EXERCICIO E CONVOCATORIA DO SEGUNDO EXERCICIO.

PROCESO: bolsa traballo social

ACTA nº 3 (resolución de alegacións ao primeiro exercicio e convocatoria do segundo exercicio)

DATA: 12 de xuño de 2026

HORA COMEZO: 13.45 horas

LUGAR DE CELEBRACIÓN: Dependencias do Concello de Carral

ASISTENTES:

Presidenta: D^a Sonia Campos Ares, funcionaria de carreira do Concello de Carral.

Secretaria: D^a Eva Jardón López, funcionaria de habilitación nacional do Concello de Camariñas.

Vogais:

D^a Natalia Rodríguez Viqueira, traballadora social do Concello de Cerceda.

D^a Noemí González Mato, interventora do Concello de Carral.


D^a Alba Roel Barbeito, traballadora social do Concello de Cerceda.

En Carral (A Coruña), na data e hora ao comezo indicados reúnen as persoas arriba relacionadas, ao obxecto de resolver as alegacións do primeiro exercicio/exame da fase de oposición e fixar a data do segundo exercicio da fase de oposición do devandito proceso selectivo.

Os membros asistentes foron nomeados por Resolución do Alcalde-Presidente núm. 219/2026, de 16 de maio de 2026 e publicada no BOP nº 94, do 21 de maio de 2026 e no taboleiro de anuncio coa mesma data e corrixido pola resolución 223/2026 do 20 de maio de 2026 e publicada no BOP nº 97, do 26 de maio de 2026, e no taboleiro de anuncios coa mesma data.

Asistindo a Presidenta, a Secretaria e os vogais sinalados, declárase válida a constitución do Tribunal, para os efectos de proceder á resolución das alegacións do exame tipo test da fase de oposición.

Segundo informe da auxiliar administrativa do rexistro municipal de data 9 de xuño de 2026,



Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo dá Feira, nº 1 //C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

“Dona María del Carmen Rodríguez Rodríguez, auxiliar administrativa no rexistro municipal do Concello de Carral, INFORMA:

RESOLUCIÓN RECLAMACIONES PRESENTADAS.

EXPEDIENTE: 2026/E001/000002

O pasado 26 de maio de 2026 tivo lugar no centro social de uso administrativo Toñito Espiñeira a realización do primeiro exame da fase de oposición do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de traballadores/as sociais, a todos os aspirantes que foron admitidos definitivamente.

O 28 de maio de 2026 publicouse no taboleiro de anuncios do Concello a acta de constitución do tribunal e realización do primeiro exercicio da fase de oposición, así coma o cadro de respostas correctas do exame tipo test así como a corrección dos mesmos de forma anónima.

O 29 de maio de 2026 tamén se publicaron no taboleiro de anuncios do Concello os resultados do acto público de apertura de sobres identificativos dando inicio con dita publicación ao prazo de cinco días hábiles a todos os aspirantes para que puideran presentar as reclamacións que consideren oportunas referidas ás preguntas, ao seu contido e ao cadro de respostas correctas.

Rematado o mesmo, a auxiliar administrativa do rexistro emite o informe sobre as alegacións presentadas dende o día 1 ó día 5 de xuño o día polos seguintes aspirantes :

202699900001006 GRACIELA RIVAS NOGUEIRA


01/06/2026

202699900001006 BEATRIZ VEGA VÁZQUEZ

01/06/2026

202699900001037 MARÍA JOSEFA GIL ROSENDE

02/06/2026



Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 //C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

202699900001040

LORENA LÓPEZ VILAR

02/06/2026

202699900001054

OSCAR CABANA GONZALEZ

04/06/2026

E para que conste aos efectos oportunos expido a presente. Carral, na data da sinatura dixital.“

A vista do antedito informe e das alegacións que obran no expediente, o Tribunal procede ao análise das mesmas.

Alegación á pregunta 4 do exame tipo test.

Analizadas as mesmas polo Tribunal, se aprecia erro material na plantilla de respostas, así onde sinala como resposta correcta a letra “D” debe sinalar como resposta correcta a letra “A” .

O Tribunal acorda por unanimidade estimar a alegación formulada e corrixir a plantilla de resposta, dando por correcta a letra A e procedendo á revisión das puntuacións.

Alegación á pregunta 5 do exame tipo test.

Analizada a mesma polo Tribunal, resulta que da literalidade do artigo 40.2 LPAC son elementos esixidos de forma expresa os seguintes:

- a) Indicación de si o acto pon fin ou non á vía administrativa.
- b) Os recursos que procedan.
- c) órgano ante o que deban presentarse.
- d) prazo para interpoñelos.

A vista do anterior, resulta que non se esixe a indicación expresa de se o acto é ou non firme, polo que a opción C constitúe igualmente unha resposta correcta á pregunta formulada.

Así mesmo, a opción D tampouco reproduce fielmente o contido do artigo 40.2, pois o precepto se refire ao «prazo para interpoñer» os recursos que procedan, mentres que a pregunta alude a «os prazos de interposición dos eventuais recursos».



Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 //C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

A introdución do termo «eventuais» altera a redacción legal e xera unha ambigüidade respecto do contido normativo esixido pola lei.

En consecuencia, a pregunta podería admitir dúas respostas razoablemente correctas (C e D), incumprindo o requisito de que as preguntas tipo test teñan unha única resposta válida e inequívoca.

Por todo o anterior, o Tribunal acorda por unanimidade estimar a alegación formulada e anular a pregunta número 5 substituíndo a mesma pola pregunta número 1 das preguntas de reserva.

Alegación á pregunta 27 do exame tipo test

Analizada a mesma polo tribunal e tendo en conta que se cuestiona a resposta provisional considerada correcta (opción A: "Prevención social"), ao entender a persoa alegante que a resposta correcta debería ser a opción B: "Promoción social", compróbase polo Tribunal que o artigo 3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, enumera de forma taxativa os principios xerais do sistema galego de servizos sociais, entre os que figuran expresamente a prevención social, a igualdade e a responsabilidade pública, pero non a promoción social. En consecuencia, a opción B é a única que non constitúe un principio xeral segundo a citada norma.

Advírtese, por tanto, un erro material na transcripción da plantilla provisional de respostas, onde se sinalou como correcta a opción A cando debe sinalarse a opción B.

O Tribunal acorda por unanimidade estimar a alegación formulada e corrixir a plantilla de resposta, dando por correcta a letra B e procedendo á revisión das puntuacións.

Alegación á pregunta 41 do exame tipo test

Analizada a mesma polo tribunal e vendo que se impugnaba a opción B ("Que o outro proxenitor non contribúa economicamente ao sustento dos fillos") como resposta correcta, ao considerar a persoa alegante que ningunha das respostas propostas se axusta ao disposto no artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Analizada a literalidade do artigo 13 da referida lei, o Tribunal verifica que o requisito sinalado na opción B non figura actualmente entre os supostos legais que determinan a consideración dunha familia como monoparental, e que ningunha das restantes alternativas (a, c, d) se corresponde exactamente co



Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo dá Feira, nº 1 //C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

contido da norma. Ao non existir unha resposta inequivocamente correcta, a pregunta incumpre o requisito de ter unha única resposta válida.

O Tribunal acorda por unanimidade estimar a alegación formulada e anular a pregunta número 41, substituíndoa pola segunda pregunta de reserva, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria.

Rematada dita corrección, os membros do tribunal **ACORDAN** por unanimidade:

PRIMEIRO.- Estimar as alegacións presentadas á pregunta nº 4 e rectificar a plantilla de respostas por erro material na mesma, pasando a considerar correcta a opción A.

SEGUNDO.- Estimar as alegacións presentadas á pregunta nº 5 e anular a mesma para ser substituída pola pregunta de reserva nº 1.

TERCEIRO.- Estimar as alegacións presentadas á pregunta nº 27 e rectificar a plantilla de respostas por erro material na mesma, pasando a considerar correcta a opción B.

CUARTO.- Estimar as alegacións presentadas á pregunta nº 41 e anular a mesma para ser substituída pola pregunta de reserva nº 2.

QUINTO.- Publicar a seguinte relación de puntuacións, unha vez modificadas as mesmas en base aos puntos anteriores:

8709BB447E	ALFONSO MARQUES	NOELIA	51,6
CE0A649312	CANO RUIZ	REBECA	47
F5751E3511	PEREZ TENREIRO	ANA	46,4
862C0E9532	RIVAS NOGUEIRA	GRACIELA	46
A01B26A2A8	GONZALEZ FAFIAN	IRIA	45,8
D42C967A3C	LOPEZ VILAR	LORENA	44,4
066BDA4A7A	CABANA GONZALEZ	OSCAR	43,4



Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo dá Feira, nº 1 //C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

1F0936B21A	VARELA SANDE	PATRICIA	43,2
C2FF6F9258	PAZ RODRIGUEZ-NAVAS	BEATRIZ	42,6
DC57F028E7	FERNANDEZ CHAO	RAQUEL	42,6
EB207AFDAD	TAJES SUAREZ	MARIA BELEN	42
F0E0DE6846	LOZANO VERDES	ROCIO	38,8
B8FC82EFCA	VEGA VAZQUEZ	BEATRIZ	38,4
2314605788	MARTA GANTES	NOELIA	37,8
92330FAB2F	PENA GOMEZ	JUREMA MARIA	37
7924F2159D	ESPERANTE BLANCO	ALBA	36
F543B68CD0	OCAMPO GONZALEZ	ROSA MARIA	35,8
A6D99C67E7	CALVIÑO AMOR	SABELA	34,6
7D31114B2F	ALVAREZ FRANCO	MARIA	32,6
BA32A120E9	PEREIRO ESPERANTE	LILIANE	32
99B36ED0B7	CENDON RODRIGUEZ	LAURA	31,6
CD6EE980FD	GIL ROSENDO	M. ^a JOSEFA	31
3ABDACB01F	FILGUEIRA ALVAREZ	BEATRIZ MARINA	29
90FAB8445A	SALGADO TRILLO	RUT	28,4
F7B205F011	PRADO CASTRO	EVA	26,8
5C32461D2E	PEDROSA GIL	LUCIA	25
713FD14E7E	COUTO MAROÑO	LETICIA MARIA	19

SEXTO.- Convocar aos aspirantes que acadaron una nota mínima de 30 puntos, segundo o disposto no punto 10.1 das bases do proceso selectivo, para a realización do segundo exercicio, o vindeiro día 18 de xuño de 2026, ás 09:30 horas, no centro social de uso administrativo Toñito Espiñeira.



Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo dá Feira, nº 1 //C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 14:20 horas do día da data, estendéndose a presente acta para constancia de todo o acordado e asinándose electronicamente nas datas e horas que figuran á marxe pola secretaria e a presidenta do tribunal para a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello para xeral coñecemento.

A secretaria

A presidenta